boletín do BNG en Ribeira

Caos circulatorio en Ribeira e abandono das parroquias

O BNG propón alternativas que o PP se nega a debater

A remodelación do Malecón de Ribeira provoca malestar na veciñanza polos atascos que xera e pola eliminación de estacionamentos que implicou. A obra foi colada polo Partido Popular no orzamento de 2017 (que o BNG non apoiou), cunha partida de máis dun millón de euros.

A macro-reforma non se dialogou con ninguén. Nin cos grupos que integran Corporación Municipal, nin con comerciantes, nin sector empresarial, nin hostalaría.
Os veciños e veciñas da zona afectada tampouco foron informados de nada. **O goberno do PP gasta 1.400.000€ sen contar con absolutamente ninguén e de costas á xente,** acción que o bloque cualifica de ilóxica. Malia que o BNG presentou emendas meses antes do comezo da obra e pediu a súa paralización para consensuala con comerciantes, hostaleiros e veciños, o PP negouse co apoio de IPR e C´s.

A realización da obra, confirmou o que xa se temía; **caos circulatorio con atascos contínuos e perda de aínda de máis prazas de estacionamento** que causan trastornos para a veciñanza e tamén aos profesionais de reparto.
No BNG cremos que antes de gastar tantos cartos no Malecón, deberíanse ter creado máis prazas de aparcadoiro, posto en marcha un plan de transporte público eficaz e barato e remunicipalizado o aparcadoiro do Centenario. Para o PP o lóxico é comezar a casa polo tellado e por riba, gastando cartos só no centro urbano abandonando por completo as parroquias.

3nv-o post | sen enderezo

Medidas do BNG para Ribeira e as parroquias

+ emprego

Coma nós, sabes que o PP é incapaz de crear chan industrial para as empresas que desexen ampliar ou asentarse aquí. En 25 anos de goberno foi incapaz de crear un só m2. Xa abonda de falsas promesas, toca traballar seriamente para crealo pero non de calquera xeito, querémolo con servizos (depuración, gardería...) e planificación (posibilidade de ampliación).

+ estacionamentos

O BNG aposta pola creación de aparcadoiros gratuítos e en boas condicións (bo firme, iluminación e seguridade) e así o temos proposto en diversas iniciativas.
No Bloque tamén apostamos pola **remunicipalización do Centenario para poñelo a prezos reducidos** e con descontos para quen merque no comercio local. Esta medida contribuiría a dinamizar e potenciar a creación de emprego.

+ dereitos animais

O BNG presentou unha iniciativa para aumentar os dereitos dos animais e dotar o municipio dunha praia para mascotas. Malia aprobarse en Pleno o PP está dificultando a súa posta en marcha. Seguiremos insistindo!

+ saneamento

O BNG esixirá a realización das obras hidraulicas nos sifóns e nos tanques de Touro, Ameixida, Castiñeiras, Areeiros e Aguiño así como as ventilacións e tratamento de cheiros. Velaremos pola realización e o cumprimento dos investimentos e prazos tal e como se acordou coa veciñanza para rematar coas desfeitas do proxecto do PP que tanto malestar causan na veciñanza.

+ fluidez no tráfico

O BNG propuxo unha reorganización viaria no Monumento para gañar fluidez sen eliminar prazas de estacionamento. Propuxemos rúas dunha dirección para evitar perda de prazas e para evitar os problemas de paso que se dan hoxe en día.
Tamén temos solicitado mellorar a sinalización e iluminación dos pasos de peóns para minimizar o risco de atropelos.

+ zonas verdes

Ribeira precisa de máis e mellores zonas verdes. Parece que ao PP lle dá alerxia o verde e só quere cemento. Desde o BNG comprometémonos a seguir presentando inciativas para aumentar as zonas verdes e as áreas de lecer.

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O PP abandona as parroquias

O PP abandona por completo as parroquias, sendo especialmente grave a situación que padecen os centros sociais.
O centro social de Carreira está paralizado e deteriorándose polos actos vandálicos e pola falta de uso.
O centro social de **Corrubedo** precisa dunha mellora integral, actuación moi demandada pola veciñanza.

Con respecto á parroquia de **Castiñeiras** nada se sabe dos investimentos necesarios para dotar dun verdadeiro centro social esta parroquia e tampouco ten horizonte de remate o propio centro social de **Carreira**. O BNG apoia ás veciñas e veciños nestas peticións e xa ten presentado diversas iniciativas para que se poñan en marcha actuacións de mellora

Falta de mantemento e de limpeza



Un verán máis tivemos que soportar cheiros e falta de recollida dos contedores de lixo. Non é a primeira vez que o BNG rexistra iniciativas neste sentido, son reiteradas e contabilízanse en varias anuais as que realizamos para demandar melloras neste servizo fundamental ante as queixas que nos trasladades os veciños e veciñas e que vemos a simple vista.

PP e IPR amparan declaracións discriminatorias

A alianza de PP-IPR-Non adscritos defenden a continuidade de Esther Patiño como concelleira de servizos sociais e igualdade a pesar de ter feito declaracións machistas e discriminatorias contra as persoas con mobilidade reducida.
A edil pedía no Día Internacional da Muller, pediu **"acabar co maltrato tanto machista como feminista"**, restando eficacia na loita contra a violencia de xénero e denotando un descoñecemento da realidade desa lacra social. Por outra banda, ante unha queixa sobre os problemas de accesibilidade da rúa Romero Ortiz, declarou **que "os das sillas de rodas sóbralles por onde ir sen ter que ir por esa rúa"** o que demostra total falta de respecto e empatía polas persoas con mobilidade reducida.
O BNG entende que unha persoa con esta actitude non pode seguir no cargo e pedimos a súa reprobación e dimisión, pero o PP-IPR saíron na súa defensa e imposibilitaron a súa destitución.

Non queremos improvisacións...

O PP carece de proxecto para o noso concello e están continuamente improvisando, o equipo de Ruiz Rivas está esgotado. Exemplo desa falta de ideas é a parálise que sofre o edificio de Hesta Kurva, que se mercou con 100.000€ de cartos públicos. Primeiro quería facer un auditoio-conservatorio, despois ían convertelo en sede da protección civil e a última nova é que **Ruiz pretende dar Hesta Kurva a unha empresa para facer unha residencia privada.** O Concello de Ribeira ten un goberno sen rumbo.

Desde o BNG apostamos por unha residencia 100% pública pois cremos que o benestar das persoas é esencial e axudaría para paliar a falta de prazas así como a xerar emprego no municipio.

...no BNG temos IDEAS CLARAS

No Bloque temos as ideas claras e un modelo que funciona, tal e como demostran os concellos BNG. Ademais contamos cunha organización cohesionada e cun equipo con experiencia e saber facer. Queremos propiciar un cambio para as persoas como ti poidan ter maior poder de decisión e participen das decisións que se toman e non só cada catro anos. No BNG temos a capacidade e a ilusión para darlle un cambio a Ribeira, é hora dunha mudanza que faga que as persoas sexan o principal, mais para iso precisamos de ti, axúdanos? Participa co BNG!

Bloque Nacionalista Galego Ribeira
Rúa Amarella nº4, entresollado
www.bng-ribeira.gal
bng-ribeira@bng-ribeira.gal
981835207 e 671 880 679

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO